


Sumario | nº20 – Outubro 2022

EDIUS


Tres novos programas de doutoramento



María Victoria Otero Espinar



Roberto Bande Ramudo



Silvia Moscoso Ruibal

EDIUS **NOVAS**



Calendarios do curso 2022/2023



Pablo Taboada Pérez, director da Escola de Doutoramento Internacional

«O traballo e a dedicación dos doutorandos/as e dos profesores e a calidade dos programas contribúen a situar á USC como unha universidade de referencia»

ENTREVISTA

EDIUS **NOVAS**

Convocatoria de axudas á investigación da Fundación Francisco Soria Melgizo

EDIUS **NOVAS**

Bolsas Fullbright para a investigación de predoutoramento en EE.UU.

OPINIÓN

Visión de 365º para encarar novos retos

EDIUS **NOVAS**

Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo

EDIUS **NOVAS**

Cocreación e novos módulos de xénero e innovación social nas actividades de formación para este curso

EDIUS **NOVAS**

Seguros para o alumnado da USC

EDIUS **NOVAS**

Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero

EDIUS

Tres novos programas *de doutoramento*

A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) amplía a súa oferta ao incorporar este curso académico 2022-2023 tres novos programas de doutoramento. Trátase dos PD en Matemáticas e Aplicacións, Ciencias Sociais e Envellecemento, e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Incluídos estes novos PD, neste curso 2022-23, a EDIUS ofrece un total de 857 prazas distribuídas en 58 programas de doutoramento (11 de Artes e Humanidades, 13 de Ciencias, 13 de Ciencias da Saúde, 14 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 7 de Enxeñaría e Arquitectura).

Programa de Doutoramento *en Matemáticas e Aplicacións*

Campus

Santiago de Compostela

Prazas: 9

Comisión académica

Coordinador do título

Manuel Eulogio Ladra González

Secretaria

María Victoria Otero Espinar

Vogais

Jesús Antonio Álvarez López

Fernando Adrián Fernández Tojo

Ana Jeremías López

Linguas de uso

Castelán, Galego, Portugués, Inglés

Universidade coordinadora

Universidade de Santiago de Compostela

Universidades participantes

Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, Universidade do Minho, Universidade do Porto

Perfil de ingreso

Os destinatarios do Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións deben ser titulares do mestrado no campo das Matemáticas, a Estatística, a Física ou as Ciencias da Computación; ou, alternativamente, titulares do mestrado en áreas afíns cun currículo que demostre unha axeitada preparación, suxeito á aprobación da comisión académica do Programa.



Este programa de doutoramento enmárcase no proxecto Universidade sen Fronteiras (UNISF), financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP). É un programa no que participan as Universidades de Galicia e do Norte de Portugal (USC, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña, Universidade do Porto, Universidade do Minho, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro).

O título pretende dar unha ampla e sólida formación en Matemáticas, pois contén unha extensa gama de temas de investigación que abarcan moitas áreas relevantes das Matemáticas, así como das súas aplicacións á Física, Bioloxía, Medicina, Computación, Ecoloxía, Biotecnoloxía, Economía... Preténdese que o estudante de doutoramento adquira as capacidades de investigación, de transferencia e de modelización nas áreas anteriormente citadas.

Que aporta este novo programa de doutoramento á oferta da USC?

O doutoramento proporciona unha excelente formación avanzada en Matemáticas orientada tanto ao ámbito académico como ao empresarial. O programa, no que están involucradas todas as áreas das Matemáticas, amplía a oferta xa que abarca todas as liñas relacionadas coas Matemáticas e as súas aplicacións.

A unión das seis universidades permite aos doutorandos e doutorandas beneficiarse dos coñecementos científicos de institucións e centros de investigación de prestixio de Galicia e do Norte de Portugal, a través dunha forte masa crítica de profesorado e persoal investigador con méritos recoñecidos internacionalmente.

Ademais, o feito de que cada doutorando terá dous directores/as de tese, un galego e un portugués, propiciará unha colaboración máis estreita entre os investigadores de distintos ámbitos de ámbolos dous países.

Cales son as expectativas?

Consideramos que é fundamental crear unha potente rede entre os excelentes investigadores que hai nas 6 universidades. Desde o inicio de curso xa comezamos esta colaboración co obxectivo de falar dos posibles proxectos de tese dos 19 estudantes admitidos nesta primeira convocatoria. Tendo en conta que este é o primeiro ano, consideramos que é un gran éxito e que nos dá unhas boas expectativas de futuro.

Somos conscientes da importancia da internacionalización dos estudos de doutoramento polo que agardamos que esta unión para unha mellora das matemáticas entre Galicia e Norte de Portugal se amplíe no futuro involucrando a outros países.



María Victoria Otero Espinar
Secretaria do título

[↩ Ir ao sumario](#)

Programa de Doutoramento en CC.SS. e Envelhecimento

Campus

Lugo

Prazas: 4



Comisión académica

Coordinador do título

Roberto Bande Ramudo

Secretario

David Soto Fernández

Vogais

Edelmiro López Iglesias

Carmen Sarceda Gorgoso

Linguas de uso

Castelán, Galego, Portugués

Universidade coordinadora

Universidade de Vigo

Universidades participantes

Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, Universidade do Porto.



Roberto Bande Ramudo
Coordinador do título

Este programa de doutoramento ofrece un espazo para a formación avanzada no campo dos estudos sobre envelhecimento demográfico e lonxevidade a través da perspectiva científica das Ciencias Sociais. Configúrase, neste sentido, como un ciclo de estudos que agrega diferentes áreas disciplinares, buscando capitalizar as súas similitudes, pero tamén as súas diferenzas, nun enfoque centrado nas complementariedades, que se asumen como fundamentais para a comprensión dun fenómeno multidimensional como o envelhecimento demográfico e a lonxevidade.

Trátase dun programa de estudos que se aliñará coas prácticas máis esixentes a nivel internacional no campo da formación avanzada, co obxectivo de afirmarse como un programa de referencia no campo dos estudos sobre o envelhecimento.

De acordo coa normativa, o programa desenvolverase ao longo de 3 anos, aínda que se prevé que o alumnado poida presentar a súa tese a partir dos 18 meses de permanencia no programa cando as circunstancias o permitan. Con independencia do anterior, tal e como figurará no convenio, deberá terse en conta a normativa de aplicación da universidade en que o alumno/a se atope matriculado.

O programa de doutoramento UNISF Ciencias Sociais e Envelhecimento inclúe cursos de formación transversal, específica e outras actividades formativas.

Que aporta este novo programa de doutoramento á oferta da USC?

O programa aporta a posibilidade de analizar o fenómeno do envelhecimento da poboación dende a perspectiva das ciencias sociais, xa que se ten traballado moito dende o ámbito da xerontoloxía e a perspectiva máis clínica e médica do envelhecimento. Porén, existen dimensións asociadas a este proceso, que teñen recibido moita atención na literatura científica das ciencias sociais (a dimensión social do envelhecimento, as implicacións económicas, o envelhecimento activo, a dependencia...) pero que non contaban cun programa de doutoramento específico. Este é o valor engadido do programa. Ao ser un programa interuniversitario e internacional entendemos que dispoñemos dun corpo docente óptimo para desenvolver liñas de investigación de alto impacto científico nos vindeiros anos a través das teses de doutoramento que se vaian realizando.

Cales son as expectativas?

As perspectivas son boas porque o envelhecimento é un fenómeno que nos vai impactar de xeito máis intenso nos vindeiros anos, polo que a necesidade de contar con especialistas nesta temática en diferentes ámbitos vaise incrementar.

Programa de Doutoramento *en Relacións Laborais e RR.HH.*

Campus

Santiago de Compostela

Prazas: 10



Comisión académica

Coordinador do título

Jesús Fernando Salgado Velo

Secretaria

Silvia Moscoso Ruibal

Vogais

Ramon Angel Bouzas Lorenzo
 María Consuelo Ferreiro Regueiro
 Mario Antonio Lado Campelo
 Diana Santiago Iglesias
 María Jesus Souto Blanco

Linguas de uso

Castelán, Galego, Inglés

Universidade coordinadora

Universidade de Santiago de Compostela

Universidades participantes

Universidade de Santiago de Compostela,
 Universidade de Oviedo, Universidade
 de Zaragoza, Universidade da Coruña



Silvia Moscoso Ruibal
Secretaria do título

O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Relacións Laborais e Recursos Humanos, impartido conxuntamente coas Universidades da Coruña, Oviedo e Zaragoza, é pioneiro nas universidades españolas. O obxectivo xeral do programa é proporcionar excelencia na formación en todos os ámbitos relacionados coas relacións laborais e os recursos humanos en organizacións públicas e privadas.

Este programa permitirá o desenvolvemento de teses doutorais de alta calidade que representen un avance e unha contribución ao coñecemento científico e que impulsen, ao mesmo tempo, a transferencia de coñecemento á sociedade e a incorporación da investigación técnica do máis alto nivel.

O programa de doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos pretende ofrecer unha formación avanzada nas seguintes liñas específicas de investigación:

1. Historia, estrutura e procesos das relacións laborais e recursos humanos en organizacións privadas e administracións públicas.
2. Aspectos xurídicos da dirección das organizacións e administracións públicas, as relacións laborais e os recursos humanos.
3. Psicoloxía, Socioloxía, Economía e Política de relacións laborais e recursos humanos e a prevención de riscos.

Que aporta este novo programa de doutoramento á oferta da USC?

Trátase dun programa interuniversitario que coordina a USC e no que participan as Universidades da Coruña, Oviedo e Zaragoza. É un programa de doutoramento pioneiro, xa que até agora non existía en ningunha universidade española. Supón, ademais, un fito no avance e posicionamento da titulación de Relacións Laborais e Recursos e elimina o agravio comparativo dos graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos co resto de graduados, xa que até agora, estes alumnos apenas tiñan opcións de optar a estudos de doutoramento, pois moi poucos admiten a este alumnado nos seus programas. Trátase, ademais, dun doutoramento multidisciplinar (participan disciplinas como Dereito, Psicoloxía do Traballo, Socioloxía ou Economía da Empresa), o cal facilitará a realización de teses multidisciplinares.

Cales son as expectativas?

As expectativas en relación á demanda son altas polas razóns esgrimidas anteriormente. É o primeiro doutoramento destas características no sistema universitario español e, até agora, os graduados en Relacións Laborais e Recursos Humanos apenas tiñan posibilidades de acceder a outros programas de doutoramento. Nesta primeira edición tivemos 30 solicitudes das que o 57% foron de alumnado estranxeiro, o que consideramos todo un éxito se ademais temos en conta que a aprobación de implantación do programa chegou recentemente e case non tivemos tempo para publicitalo.

EDIUS **NOVAS**

Calendarios do curso 2022/2023

O estudiantado de novo acceso que desexe cursar algún dos programas de doutoramento da USC ten de prazo até o 11 de outubro para formalizar a súa matrícula. A solicitude das novas admisións realizarase a través da **Secretaría Virtual**. En paralelo, o alumnado que xa estaba inscrito en programas de doutoramento en cursos anteriores deberá efectuar a matrícula de continuación nas mesmas datas.

As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento realizarán a selección do alumnado e publicarán as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, de acordo cos criterios de se-

lección establecidos no programa, na Sede Electrónica da USC e na Secretaría Virtual do solicitante.

Contra esta resolución o alumnado poderá presentar unha reclamación perante as Comisións Académicas no prazo establecido na Convocatoria xeral de matrícula.

A partir do mes de febreiro de 2023 abrirase un segundo prazo de admisión de alumnado.

Os cambios de dedicación deben realizarse nos períodos ordinarios de matriculación e as baixas temporais poderán facerse efectivas durante todo o curso.

Calendario de admisión e matrículas dos programas de doutoramento

Inicio de estudos do Programa de Doutoramento	1º período de matrícula	30 setembro - 11 outubro
	Solicitude de admisión 2º período	1-7 febreiro 2023
	Publicación relacións provisionais 2º período	14 febreiro 2023
	Reclamación relacións provisionais 2º período	15-20 febreiro 2023
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2023
	2º período de matrícula	25 febreiro - 3 marzo 2023
CONTINUACIÓN ESTUDOS		1 setembro- 11 outubro

Calendario para desistencia de matrícula, cambios de dedicación e baixas temporais

Desistencia de matrícula	Inicio de estudos do primeiro período e continuación de estudos	Ata o 31 de outubro
	Estudos do 2º período de matrícula	Ata o 20 de marzo de 2023
Cambio de modalidade de dedicación		Nos períodos ordinarios de matrícula
Baixas temporais		Durante o curso

 [Ir ao sumario](#)

Calendarios do curso 2022/2023

Prazos para a solicitude de prórrogas

Aquelas persoas con data de finalización prevista entre o 1 de febreiro e o 31 de agosto de 2023, poderán solicitar prórrogas do **15 ao 30 de novembro** deste ano 2022. Os doutorandos e doutorandas con finalización inicial entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024, deberán pedir a prórroga entre o **23 de xuño e o 7 de xullo de 2023**.

Períodos non lectivos

Serán períodos non lectivos o mes de agosto, os días festivos e outros períodos de interrupción da actividade académica.

Os períodos de interrupción da actividade académica serán:

- Desde o mércores **23 de decembro de 2022** até o **6 de xaneiro de 2023** (ambos os dous incluídos)
- O luns e martes de Entroido (**20 e 21 de febreiro de 2023**)
- A Semana Santa (desde o **3 até o 7 de abril de 2023**, ambos incluídos)

Non afectan

Aos prazos máximos para a **presentación e trámite da tese** por parte do doutorando. A data límite será a indicada no expediente con independencia de se é lectivo ou non.

Afectan

Á **exposición pública da tese** así como á **data do acto de defensa** da tese.

Calendario seguimento e avaliación anual no doutoramento

Asignación de director/a de teses

Tras a matrícula o PD terá como prazo máximo tres meses para a asignación polo menos un director de tese:

- 11 de xaneiro de 2023, para doutorandos/as matriculados na primeira convocatoria.

 [Ir ao sumario](#)



Calendarios do curso 2022/2023



- 4 de xuño de 2023, para os doutorandos/as matriculados na segunda convocatoria.

Plan de Investigación

As persoas matriculadas por primeira vez no curso 2022/23 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de investigación:

- 11 de abril de 2023, para doutorandos/as matriculados na primeira convocatoria.
- 31 de xullo de 2023, para doutorandos/as matriculados na segunda convocatoria.

Incorporación de actividades no documento de actividades correspondentes ao curso 2022/23:

Prazo límite para todos os doutorandos/as o 30 de xuño de 2023.

Calendario da avaliación anual no curso 2022/23

Os prazos para realizar os informes anuais (Perfís Autorizados e CAPD) serán establecidos por cada Programa de Doutoramento, tendo en conta que, en todo caso deben estar realizados antes do 30 de setembro de 2023.

O prazo para que o alumno formule alegacións será de 10 días hábiles dende a emisión do Informe de avaliación anual. As alegacións remitiranse ao Programa de Doutoramento.

- **Requisitos:** Ter o Plan de Investigación aprobado.
- **Efectos:** A non presentación do Plan de Investigación no prazo supón a baixa no programa de doutoramento.

Ter dous informes anuais negativos consecutivos supón a baixa no programa.

- Os doutorandos e doutorandas que tiveran avaliación anual negativa no curso 2021-2022, e teñan de novo avaliación negativa no curso 2022-2023 causarán baixa no programa.
- Os doutorandos/as que tiveran avaliación negativa por primeira vez no curso 2022-2023, serán novamente avaliados no vindeiro curso 2023-2024 nas datas que se determinen, e de ser esta nova avaliación negativa, causarán baixa no programa.

ENTREVISTA



Pablo Taboada Pérez

Pablo Taboada Pérez, director da Escola de Doutoramento Internacional

«O traballo e a dedicación dos doutorandos/as e dos profesores e a calidade dos programas contribúen a situar á USC como unha universidade de referencia»

Os programas de doutoramento da EDIUS están “en plena forma”, segundo afirma o director da Escola, Pablo Taboada, tras informar de que todos os PD que xa remataron os procesos de avaliación recibiron un informe de acreditación positivo. Taboada fala dos retos para este curso e dos logros nos últimos anos.

«Os programas de doutoramento da USC están en plena forma. Todos os que remataron os procesos de avaliación (máis de 35) recibiron un informe de acreditación positivo»

Antes de comezar de cheo cos proxectos para este 2022-2023, imos facer balance do curso pasado...

O balance cremos que é positivo. Este curso 21/22 supuxo a confirmación de que os programas de doutoramento da USC están en plena forma, xa que de todos os que remataron o proceso de avaliación (máis de 35) recibiron un informe de acreditación positivo, o que nos permite seguir ofertándoos durante 6 anos máis. E todo grazas á excelente formación que os doutorandos/as reciben nos seus respectivos programas, á calidade científica das súas teses, e ao esforzo de supervisión e xestión dos seus directores e coordinadores e comisións académica, respectivamente.

Alguns destes programas iniciaron proceso de revisión das memorias no 22-23

Si. Para estes programas que decidiron iniciar este proceso desde a Escola elaboramos un modelo de memoria común para simplificar o proceso, recollendo todas as accións de mellora institucionais que debemos de realizar e onde unicamente os programas debían incorporar a información dos seus datos particulares e dos cambios específicos propios que querían levar a cabo.

E mantívose a aposta por reforzar a formación transversal?

Ampliouse o abano de formación transversal da Escola, ampliando tamén prazas, grazas á colaboración

[↩ Ir ao sumario](#)

e esforzo entre a EDIUS e profesorado da USC que participa xenerosamente nelas. Ademais, puxéronse en marcha diversas iniciativas de divulgación da actividade científica, como a participación nos concursos ‘Fío Twitter’, a celebración da primeira edición na USC do certame ‘3MT’, ou a elaboración de vídeos informativos que están a disposición da comunidade universitaria no canal de Youtube da EDIUS. Neste curso seguimos adiante co boletín electrónico da Escola, que está a converterse nunha ferramenta fundamental de información e comunicación entre todos os membros da comunidade de doutoramento, pero tamén me atrevería a dicir, de transparencia no funcionamento da EDIUS. E seguimos mellorando a información e difusión pública coas actualizacións e revisións periódicas da web e a mensaxes a través das redes sociais e listas de distribución de email. E estamos considerando lanzar un Twitter da EDIUS.

Quedou algo pendente que haberá que retomar?

Si, hai aínda moito traballo que desenvolver. Cuestións que dependen directamente da Escola e do seu persoal son, por exemplo, i) a posta en marcha do proceso de acreditación institucional da EDIUS; ii) dar resposta a diversas obrigas e recomendacións de carácter institucional indicadas polas comisións de acreditación dos programas relativas a unha mellora adicional da información pública dispoñible dos estudos de doutoramento e os seus programas; iii) a mellora nos niveis de participación

nas enquisas dos diversos grupos de interese; iv) incrementar aínda máis a internacionalización dos programas de doutoramento; v) a monitorización dos egresados, etc; vi) facer máis sinxelos e, onde sexa posible, reducir os procesos/procedementos académico-administrativos que dependen da Escola; vii) o desenvolvemento de novas ferramentas e materiais de comunicación para facilitar o acceso á información do doutoramento; viii) conseguir un recoñecemento efectivo da docencia impartida nas actividades de formación transversal ofertadas pola Escola; ix) potenciar institucionalmente a participación do profesorado en consorcios para Proxectos Europeos de doutoramento, etc; x) e, finalmente, a raíz dos procesos de acreditación e dos informes recibidos temos unha información moi valiosa sobre as fortalezas e debilidades dos nosos programas, polo que cómpre que a aproveitemos para facer unha revisión da oferta académica de doutoramento para potenciala e facela aínda máis atractiva.

Será preciso, entón, abrir un tempo de análise para isto.

Si. Vai ser un proceso de análise e reformulación que será feito con calma, contando coa participación de todos estamentos e membros da comunidade de doutoramento, cunha total obxectividade baixo criterios estritamente académicos.

E con outros servizos da USC, que hai previsto?

Coa colaboración doutros servizos da universidade é necesario darlle aos estudos de doutoramento o reco-

ñecemento que merecen xa que son o nivel de formación académica máis elevada que un alumno pode recibir nunha universidade, e o que marca o prestixio da mesma. Ante a elevada competencia de hoxe en día, para non só manter senón mellorar a formación ofertada aos nosos estudantes de doutoramento e a súa excelencia é necesario, por exemplo, acabar de adaptar a estrutura de xestión administrativa dos estudos de doutoramento á realidade normativa e ás necesidades de funcionamento actuais para conseguir unha xestión máis áxil e eficaz. Neste senso, nestes catro anos reformulouse toda a estrutura relativa á EDIUS (coa supresión das antigas catro Escolas e a creación da actual) pero non se adaptaron as estruturas de apoio.

«A EDIUS e os seus programas deben ter un orzamento axeitado para que poidan desenvolver actividades de formación potentes e diversas»

É unha responsabilidade compartida con quen?

A estrutura actual existente orixina un reparto de funcións e competencias relativas aos estudos de doutoramento entre a EDIUS, os centros/facultades (co persoal de apoio aos programas), o Servizo de Xestión e Programación da Oferta Académica (SXOPRA), o servizo de Xestión Académica, e Secretaría Xeral que, na miña modesta opinión, creo que non axuda a ter unha xestión optimizada, áxil e totalmente eficaz, senón que pode facela máis burocrática e lenta, ademais de introducir nalgunhas ocasións certas disfuncións provocadas por unha incorrecta comunicación entre os servizos implicados.

Outro punto importante para ter unha oferta de doutoramento forte e atractiva e dotar a Escola e os seus programas dun orzamento axeitado para que poidan desenvolver actividades de formación potentes e diversas; que se poidan traer expertos de prestixio internacional que formen aos nosos doutorandos/as a través da organización de cursos, seminarios, *workshops*, conferencias; que os nosos estudantes de doutoramento poidan ter certo financiamento para facer estadias, senón teñen outras fontes de financiación dispoñibles, etc.

Actualmente xa atesoura unha experiencia de catro anos á fronte da Escola despois da reelección en xullo de 2021. Como mudou a EDIUS neste tempo? Cambiaron tamén as súas expectativas?

Neste tempo mudouse toda a estrutura académica e administrativa da Escola de cara a mellorar a xestión dos estudos de doutoramento, tratando

de que esta sexa o máis sinxela e flexible posible. Tamén se actualizou toda a normativa relacionada co doutoramento, desenvolveuse o sistema de Garantía de Calidade, mellorouse a información pública e na medida do posible progresamos cara unha administración electrónica. E quizais o máis importante, estamos a tratar de acercar e facer máis visible todo o que é e o que significa a Escola a toda a comunidade universitaria, que se vexa como algo propio e que estamos aí para axudar en todo momento para prestar un servizo aos doutorandos/as, directores/titores e coordinadores e profesores dos programas, non para poñer máis trabas e dificultades. Pero evidentemente, sempre respectando os preceptos/parámetros que nos indican as normativas en vigor. Como me gusta dicir “a norma podemos dobrala para lograr máis flexibilidade e facer as cousas máis sinxelas pero sen chegar a rompela”.

Mais flexibilidade, con que obxectivo?

Para facilitar que os doutorandos/as poidan facer a súa tese en tempo e forma, nas mellores condicións posibles, recibindo a formación e supervisión axeitadas, e que as cuestións administrativas non sexan unha dor de cabeza.

As miñas expectativas seguen centradas na mellora continua dos estudos de doutoramento nas

súas dúas vertentes: académica e de xestión. Temos aínda moita marxe de mellora e o compromiso segue intacto. Pero necesitamos o apoio de toda a comunidade universitaria para realizalo para que as evolucións e melloras se fagan con certa celeridade. Algo que me causa frustración desde sempre é a lentitude coas que se fan os cambios dentro das universidades cando claramente estes son moi necesarios; temos que intentar ser moito máis áxiles para adaptarnos do xeito máis inmediato posible as novas necesidades e demandas que van xurdindo na sociedade, á que nos debemos.

A acreditación institucional da EDIUS é un dos principais obxectivos nos vindeiros meses. En que consiste?

Basicamente, e de xeito moi resumido, consiste en que o proceso de seguimento e acreditación do doutoramento se faría a nivel da EDIUS como un todo, isto é, acreditaríase a Escola como tal e, de ser positiva, todos os seus estudos por extensión. Esta centralización do proceso de seguimento e acreditación reducirá ademais unha parte importante do traballo e tarefas que neste eido estaban a desenvolver as coordinacións e comisións académicas dos programas, e que lles resultan especialmente pesadas. Evidentemente, isto non implica que “se desconecten” do proceso, xa que

«Temos que intentar a ser moito máis áxiles para adaptarnos do xeito máis inmediato posible as novas necesidades e demandas que van xurdindo na sociedade»

requiriremos da súa axuda en canto a datos e análises de cada programa para construír os informes da Escola.

Que vantaxes supón para a Escola?

Para a Escola supón moito máis traballo (risas). Falando xa máis en serio, suporía un recoñecemento a nivel global de que o traballo que todos os estudantes e persoas que compoñemos a comunidade de doutoramento estamos a realizar é correcto, cumprindo o obxectivo de formar axeitadamente aos nosos doutorandos/as.

Que outros obxectivos están na axenda deste curso académico na EDIUS?

Pois, á parte das cuestións que comentei anteriormente, temos previsto que entre en funcionamento de xeito case inmediato o novo módulo de xestión das teses, co que se pon en marcha unha administración dixital completa do proceso de depósito e defensa da tese a través das Secretarías Virtuais dos estudantes, perfís autorizados e a través de Xescampus para o PAS de apoio. Ademais, trataremos de incrementar os convenios de colaboración con outras universidades, entre outras cuestións. E veremos se, definitivamente, se leva a cabo a modificación do RD 99/2011 dos estudos de Doutoramento, o que implicaría modificar tamén as nosas normativas internas, principalmente, o Regulamento de Estudos de Doutoramento.

Segundo a revista Forbes, a USC é a mellor universidade de España e o QS World University Ranking 2023 sitúaa entre as mellores do mundo. De que xeito contribúe a Escola de Doutoramento a estas boas cualificacións?

En primeiro lugar, teño que recoñecer que non creo moito nin me gustan os *rankings*, xa que as clasificacións dependen das métricas e criterios empregados, e cuxos resultados dependen do tipo e tamaño da universidade en cuestión, ademais de deixar fóra intanxibles que no son medibles. Pero claro, nun mundo competitivo como no que nos atopamos a sociedade demanda “clasificar”.

Respecto á USC, sempre digo aos meus compañeiros que somos como a “Aldea dos irredutibles galos, a aldea de Asterix e Obelix”. Explícome, somos unha universidade de tamaño pequeno-medio, no noroeste dun país do sur de Europa que, ademais, non ten a ciencia, a investigación e as súas universidades entre as súas prioridades, e cun infrafinanciamento endémico. Polo que é case un milagre que aparezamos en tan boas posicións nesas *rankings*, o que é motivo de moita satisfacción. Tamén é certo que en ocasións hai, na miña modesta opinión, un exceso de publicidade/márketing das achegas e avances que poden levar a expectativas excesivas ou infundadas na sociedade. Debemos ser moi conscientes da nosa situación actual: que somos e como estamos como universidade, e como podemos progresar diminuíndo as nosas debilidades e potenciando as nosas fortalezas.

«O doutoramento e a súa investigación asociada a desenvolver son algo vocacional, non é un traballo»

Que papel xoga a EDIUS nestes *rankings*?

Respecto ao papel do doutoramento nestes *rankings*, pois en moitos deles ten-se en grande importancia a produtividade científica de calidade e excelencia en forma de publicacións, captación de recursos mediante proxectos altamente competitivos, etc. E aí si que os programas de doutoramento, os seus profesores e os nosos doutorandos/as destacan sobremaneira polo seu traballo, dedicación, e os resultados acadados que contribúen de xeito crítico a situar á USC como unha universidade de referencia. Quero destacar especialmente o traballo que fan doutorandos/as, xa que son eles os que levan a maior parte do peso da investigación que se desenvolve na nosa universidade.

Déalles algún consello aos investigadores que este ano comezan a súa formación de doutoramento...

Primeiro, o doutoramento e a investigación a desenvolver para a tese son algo vocacional, non é un traballo. E teñen que enfocalo como unha carreira de fondo, onde haberá múltiples obstáculos pero tamén inmensas alegrías. E para superar esas dificultades contan coa axuda dos seus directores, programas e, por suposto, a EDIUS. Estamos aí para todo o que necesiten para chegar á meta e obxectivo final: presentar e defender una tese da máxima calidade tras recibir unha formación integral que lle sirva ben para continuar no mundo académico-científico, ou ben para facer carreira no tecido socioeconómico.



Pablo Taboada Pérez, director da Escola de Doutoramento Internacional.

↩ [Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Seguros para o alumnado da USC

Información Seguro escolar

Instituto Nacional da Seguridade Social

901 16 65 65 -
881 90 94 67

Sede Santiago:

C/Carlos Briones Varela s/n.
Tfno: 981 55 31 50

Sede en Lugo:

Ronda Músico Xosé
astiñeira, nº 26.
Tfno.: 982 29 33 00

Os estudantes que cursen estudos na Universidade de Santiago de Compostela deberán estar amparados por un seguro, calquera que sexa o tipo de estudos ou a modalidade de matrícula. No caso de que non estean no ámbito de protección do seguro escolar do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), deberán subscribir un seguro de accidentes e asistencia en viaxe que cubra os riscos derivados da súa actividade académica.

Imos ver por separado cada unha destas modalidades:

Seguro escolar (menores de 28 anos)

Este seguro protexe aos estudantes menores de 28 anos matriculados en estudos universitarios oficiais contra o accidente escolar, a enfermidade ou o infortunio familiar, outorgándolles prestacións médicas, farmacéuticas e económicas, segundo o caso. Tamén serán beneficiarios deste seguro os estudantes nacionais da Unión Europea (UE), do Espazo Económico Europeo e os estranxeiros con residencia legal en España que teñan aboada a cota correspondente.

Accidente escolar	Asistencia médica e farmacéutica, indemnizacións económicas por incapacidade e gastos de enterramento.
Enfermidade	Asistencia médica, asistencia farmacéutica e gastos de enterro. Inclúe a cirurxía xeral, neuropsiquiatría, tocoloxía, tuberculose pulmonar e ósea . En determinados casos, poden outorgarse prestacións de fisioterapia, quimioterapia, radioterapia, cobaltoterapia e cirurxía maxilo-facial.
Infortunio familiar	Prestación económica por falecemento do cabeza de familia ou ruína familiar.

Beneficiarios:

O beneficiario das prestacións do Seguro Escolar é o estudante, excepto nas indemnizacións por falecemento por accidente ou enfermidade, no que serán os familiares.

 [Ir ao sumario](#)

Contías:

O Seguro Escolar contempla distintas contías dependendo da prestación.

O pago das prestacións económicas pode ser pago directo na entidade financeira que teña asignada a Dirección Provincial do INSS ou por transferencia na entidade financeira elixida na solicitude.

Prazos:

O prazo para solicitar as prestacións derivadas de accidente escolar é dun ano.

O prazo para solicitar os gastos de enterro, infortunio familiar e outras prestacións económicas é de cinco anos.

O recoñecemento ou denegación das prestacións do Seguro Escolar resolveranse e notificaranse nun prazo máximo de 90 días.

Seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe

(maiores de 28 anos e outros colectivos)

No curso académico 2005/2006, estableceuse un seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe para os estudantes da USC non cubertos polo seguro escolar e para calquera tipo de estudos, oficiais e propios, dos que oferta a Universidade. A decisión de poñer á disposición do alumnado este seguro responde á constatación de que o seguro escolar do INSS non cubre todas as continxencias dos/as estudantes que participan en programas ou convenios de intercambio interuniversitarios, en especial os que se producen nos desprazamentos a outros países.

Polo tanto deberán subscribir este seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe, ademais dos alumnos maiores de 28 anos, aqueles

que cursen estudos no marco de convenios ou programas de intercambio interuniversitario, aínda que estean no ámbito de protección do seguro escolar do INSS.

Tamén deberán subscribir este seguro os estudantes doutras universidades ou institucións educativas que se incorporen a esta universidade para cursar estudos no marco de convenio ou programas de intercambio interuniversitario.

Este seguro dará cobertura a todos os riscos por accidente e outras continxencias derivadas, directamente ou indirectamente, da actividade académica dos estudantes. Os riscos cubertos e as prestacións son as que figuran na **póliza** da entidade aseguradora.

Para garantir que os/as alumnos/as obrigados/as o subscriban no momento de matricularse, o seu importe inclúese na liquidación da matrícula.

Nesta **ligazón** atópase toda a información sobre este seguro.

Os/as investigadores/as que están nun programa de mobilidade internacional e necesiten asistencia médica, ou os/as estudantes españois que está en España e sufriran un accidente durante a súa actividade académica, teñen á súa disposición un teléfono exclusiva de asistencia 24 horas: +34 93 496 39 57

No caso de ter que enviar algunha documentación ou información por correo electrónico, deberán facelo a aev_medico@axa-assistance.es

Información seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe

Sección de Patrimonio da USC

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6
15782 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 81 12 58 – 881 81 12 59

patrimonio@usc.gal

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Convocatoria de axudas á investigación da Fundación Francisco Soria Melguizo

A **Fundación Francisco Soria Melguizo** lanza unha convocatoria de Axudas á Investigación para impulsar o avance do coñecemento bio-médico mediante unha investigación que poida contribuír á loita contra os problemas de saúde de máxima relevancia e que teñan un alto impacto social. O prazo de presentación de solicitudes está aberto até o 4 de outubro. [Ver convocatoria](#).

A convocatoria de axudas, dotada con 650.000 euros, divídese en dous apartados. A primeira, dirixida a colectivos pertencentes ao Centro de Investigación Biomédica en Rede (CIBER), destinarase ao financiamento da investigación sobre resistencias antimicrobianas. A segunda, aberta a grupos de investigación de centros públicos ou privados, apoiará a investigación no ámbito do envellecemento saudable e está dotada coa mesma contía.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero



Imaxe de arquivo de alumnado paseando polo campus.
FOTO:Santi Alvite

Con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a USC, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, convoca o IV Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero, financiado con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Ministerio de Igualdade.

Dirixido a todo o alumnado das titulacións de grao, mestrado e doutoramento matriculado na USC no curso 2022-2023, o certame ten aberto o seu prazo de admisión de orixinais ata o vindeiro 15 de outubro.

Os traballos presentados deben ser relatos curtos escritos en lingua galega e en formato PDF, orixinais inéditos, cunha extensión máxima de 1.000 palabras (incluído o título) e temática relacionada coa violencia contra as mulleres. A presentación dos relatos debe realizarse a través da Sede Electrónica da USC, premendo [nesta ligazón](#).

EDIUS **NOVAS**

Bolsas Fullbright para a investigación de predoutoramento en EE.UU.



A **Comisión Fulbright** convoca as bolsas Fulbright para a investigación de predoutoramento en EE.UU, estas estarán abertas até o 1 de decembro do presente ano.

Estas axudas permiten realizar investigación na etapa de predoutoramento en universidades ou centros de investigación de Estados Unidos en calquera disciplina durante un período de entre seis e doce meses.

As bolsas Fullbright están dirixidas a titulados superiores españois que estén realizando o doutoramento en España e estean interesados en levar a cabo proxectos de investigación en EE. UU. É imprescindible dispoñer dunha carta de invitación dunha institución estadounidense para presentarse como candidato/a a esta convocatoria.

[↩ Ir ao sumario](#)

[Máis información nesta ligazón.](#)

EDIUS NOVAS

Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo

A Real Academia Galega de Ciencias fai pública a convocatoria dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo

Estes premios xorden co obxecto de promover e recoñecer a investigación e o desenvolvemento, nas áreas de coñecemento integradas na RAGC: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, Química e Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais. Existen dúas categorías de premios: Premio a un traballo de investigación realizado por investigadoras/es sénior (dotado con 6.000 €), e outro para incentivar a promoción de mozos/as investigadores/as menores de 30 anos (dotado con 2.000 €). O prazo permanecerá aberto até o 4 de novembro.

Poderán concorrer todas as persoas investigadoras que presenten un traballo realizado total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia. Os traballos tratarán sobre temas ou aspectos relacionados coas áreas temáticas das seccións da Academia: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, Química e Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais. No caso do Premio de Investigación, polo menos un dos autores ou autoras deberá ser doutor/a.

Toda a información sobre esta convocatoria aparece recollida [nesta ligazón](#).



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Cocreación e novos módulos de xénero e innovación social nas actividades de formación para este curso

Os cursos de formación da EDIUS para este curso arrancarán este mes de outubro e desenvolveranse até xullo de 2023. Desta volta, o alumnado matriculado na Escola de Doutoramento terá á súa disposición máis de 50 actividades e máis de 500 horas de formación complementaria en todos os eidos e totalmente de balde.

Os doutorandos e doutorandas poderán coñecer todo o catálogo de cursos previstos na páxina web da **EDIUS**, no apartado de **Formación**. Nesta lapela, os cursos aparecen divididos en varios grupos: Transversais; Ciencias e Enxeñarías; Artes e Humanidades; Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias da Saúde; e Profesorado. Todas as dúbidas sobre formación poden ser consultadas a través do correo electrónico edius.formacion@usc.es

As actividades formativas, tanto de carácter transversal como específico para cada programa de doutoramento, teñen por finalidade ofrecer unha formación complementaria á actividade investigadora, de xeito que o alumnado fortaleza competencias e habilidades tales como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, técnicas e métodos de comunicación científica e mais a redacción de traballos de investigación. Os cursos poderán ser de carácter presencial, semipresencial ou a distancia.

Transversais	Ciencias e Enxeñarías	Artes e Humanidades
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Profesorado

A inscrición destes cursos é online a través da Secretaría Virtual de cada alumno/a. Podes planificar o teu tempo e a túa formación consultando desde xa a nosa web. Aínda que o listado xeral de actividades publícase ao comezo do curso, periodicamente, o estudantado de doutoramento recibirá por correo electrónico un boletín con información actualizada. Aí tamén se comunicarán tanto os cambios que se poidan producir nas actividades xa programadas coma as novas propostas formativas que vaian xurdindo ao longo do curso. Toda esta información tamén a podedes atopar no perfil de **LinkedIn** da EDIUS.

O lugar onde se desenvolve a actividade está sempre indicado na ficha do curso. A maioría das actividades desenvólvense no Centro de Formación EDIUS, no Campus Norte de Santiago, así como no Campus de Lugo.

 [Ir ao sumario](#)

Co-creación de actividades

As actividades formativas deste curso comezan cunhas **‘Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación’** (X-CLI), que se desenvolverán os días 13 e 14 de outubro. Están organizadas conxuntamente entre as asociacións **InvestiGal** e a **Asemblea de Investigadoras de Compostela**. A EDIUS colabora e participa posibilitando unha difusión máis ampla e proporcionando as instalacións así como todos os medios ao seu alcance.

As ‘Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación’ son unha aposta da Escola de Doutoramento para dar visibilidade ao traballo de investigación que están a realizar doutorandos/as e doutores/as da USC e doutras universidades galegas. Trátase de explorar unha nova fórmula para co-crear actividades que esperten o máximo interese e implicación de toda a comunidade educativa.

Desde a EDIUS agárdase que esta colaboración teña continuidade e poder acoller máis actividades formativas que teñan como protagonistas aos nosos doutorandos e doutorandas.

O principal obxectivo das **X-CLI** é formar un foro social crítico para dar a coñecer os aspectos laborais e os dereitos do sector de ciencia e investigación, así como favorecer a concienciación colectiva e ofrecer unha canle de difusión e interacción entre os distintos colectivos, asociacións e plataformas que representan ao persoal da investigación. Ao longo de diversos relatorios e paneis de debate falarase da lexislación laboral que afecta directamente á investigación e á carreira investigadora, do sistema de ciencia español, de igualdade, de divulgación científica e de saúde mental. Todos eles temas de moita relevancia para o persoal de todo os chanzos da carreira investigadora.

Estas xornadas vanse realizar en tres sedes distintas: Santiago de Compostela (13 e 14 de outubro), Valencia (20 e 21 de outubro) e Madrid (27 de outubro). Ofrécese un formato híbrido, coa posibilidade de asistir presencialmente ás actividades de cada sede, así como seguir as sesións telematicamente vía streaming.

Xénero e innovación social

Outra das novidades das actividades formativas deste curso é a ampliación de dous novos módulos. Un sobre **‘Perspectiva de xénero, ética e igualdade en I+D+i’** e outro sobre **‘Investigación, innovación e competencias’**. Dentro deste último, centrado na innovación social, haberá catro áreas con cursos programados para os vindeiros meses. O obxectivo principal é “poñer á Universidade no

 [Ir ao sumario](#)

eido da innovación social”, un termo amplo e cunha rápida implantación no noso contexto, que se define polo desenvolvemento de novas solucións que melloren o funcionamento social e comunitario.


